

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

2725 Orde ECC/335/2012, do 22 de febreiro, pola que se modifica a Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados.

O artigo 16 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro, regula as provisións técnicas, remitindo a desenvolvemento regulamentario a fixación dos métodos e procedementos de cálculo das ditas provisións, así como o importe polo que deben cubrirse. Os artigos 29 e seguintes do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, desenvolven estes aspectos. En particular, o seu artigo 33 regula o tipo de xuro aplicable para o cálculo da provisión de seguros de vida e no seu número 2 habilita o ministro de Economía e Facenda, actualmente o ministro de Economía e Competitividade, para establecer as marxes e requisitos que se deben cumprir para poder determinar a provisión de seguros de vida por aplicación dun tipo de xuro determinado en función da taxa interna de rendibilidade dos investimentos asignados a determinadas operacións de seguro. Este precepto do regulamento foi desenvolvido inicialmente pola Orde do 23 de decembro de 1998 e posteriormente pola Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados, que derogou a práctica totalidade dos preceptos da orde de 1998, e entre eles os relativos á inmunización financeira. Eses preceptos quedaron integrados no contido da nova orde de 2007, que agora se modifica.

En liña coas recomendacións realizadas aos reguladores nacionais por diversos organismos internacionais liderados polo Consello de Estabilidade Financeira e o G-20, a maioría dos países veñen adoptando modificacións técnicas para reducir a prociclicidade e incentivar unha xestión independente e activa dos riscos.

As modificacións introducidas por esta orde teñen por obxecto incorporar as ditas recomendacións internacionais á regulación prudencial sobre inmunización financeira de operacións de seguro, ao tempo que se adaptan os coeficientes redutores por risco de crédito en operacións de seguro inmunizadas á situación dos mercados de débeda pública.

A disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro, habilita o ministro de Economía e Facenda, actualmente o ministro de Economía e Competitividade, para desenvolver o seu regulamento en canto sexa necesario e así se prevexa nel. A disposición derradeira segunda do Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, habilita o ministro de Economía e Facenda, actualmente o ministro de Economía e Competitividade, para realizar o desenvolvemento normativo das disposicións contidas no Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, en canto sexa necesario para a súa mellor execución e desenvolvemento.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados.*

Un. Modifícase a letra e) do artigo 2.2 da Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados, que queda redactada como segue:

«e) As participacións en fondos de investimento que pertencen á categoría de garantidos de renda fixa, segundo se definen no anexo da Circular 1/2009, do 4 de

febreiro, da Comisión Nacional de Mercado de Valores, sobre as categorías de institucións de investimento colectivo en función da súa vocación investidora, ou equivalentes, e sempre que o regulamento de xestión do fondo prevea o cálculo do valor liquidativo e o reembolso das participacións nun prazo non superior a tres días.»

Dous. Modifícase a letra f) do artigo 2.2 da Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados, que queda redactada como segue:

«f) Tesouraría. Equiparanse a tesouraría as participacións en fondos de investimento que pertencen ás categorías de monetario a curto prazo ou monetario, segundo se definen no anexo da Circular 1/2009, do 4 de febreiro, da Comisión Nacional de Mercado de Valores, sobre as categorías de institucións de investimento colectivo en función da súa vocación investidora, ou equivalentes.»

Tres. Modifícase o penúltimo parágrafo do artigo 2.2 da Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados, que queda redactado como segue:

«Sen prexuízo do establecido no artigo 2.3, os activos asignados deberán contar cunha cualificación crediticia correspondente a algún dos tres primeiros grupos previstos no artigo 17. Non resultará aplicable a exigencia á tesouraría nin ás participacións en fondos de investimento.»

Catro. Modifícase o segundo parágrafo do artigo 2.3 da Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados, que queda redactado como segue:

«Con carácter xeral, as porcentaxes a que se refire o parágrafo anterior serán do 95, 92 e 89 por 100, segundo os títulos pertencen aos grupos 1 a 3 de entre os enumerados no artigo 17. No caso das participacións en fondos de investimento, incluídas as equiparables á tesouraría, aplicarase a porcentaxe correspondente á cualificación crediticia media dos activos que compoñen o fondo segundo a última información pública dispoñible ou, no seu defecto, o 89 por 100, salvo no caso de participacións en fondos de investimento monetarios a curto prazo, en que se aplicará o 92 por 100. Tratándose dos instrumentos de débeda pública previstos no artigo 50.4 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, que reunisen a cualificación crediticia pertencente aos grupos 1 a 3 no momento da adquisición e esta descendese con posterioridade, resultarán aplicables unhas porcentaxes do 80 e 63 por 100, segundo os títulos pertencen aos grupos 4 e 5 respectivamente. No caso de activos financeiros estruturados non negociables aplicarase as porcentaxes que correspondan á cualificación crediticia da estrutura ou, no seu defecto, á cualificación crediticia media que corresponda aos colaterais e á contraparte da permuta de fluxos. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións establecerá por resolución a sistemática e modo de aproximar a cualificación crediticia media.»

Cinco. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 3.4.a) da Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados, que queda redactado como segue:

«a) Determinarase o valor actual dos activos actualizando os seus fluxos ao tipo de xuro que resulte de multiplicar a súa taxa interna de rendibilidade deducida do seu prezo de adquisición polas seguintes porcentaxes: 93, 90 e 87 por 100, segundo os valores pertencen aos grupos 1 a 3 de entre os enumerados no artigo 17. No caso das participacións en fondos de investimento, incluídas as equiparables á

tesouraría, distintas das recollidas no número 6, aplicarase a porcentaxe correspondente á cualificación crediticia media dos activos que compoñen o fondo segundo a última información pública dispoñible ou, no seu defecto, o 87 por 100, salvo no caso de participacións en fondos de investimento monetarios a curto prazo, en que se aplicará o 90 por 100. Tratándose dos instrumentos de débeda pública previstos no artigo 50.4 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, que reunisen a cualificación crediticia pertencente aos grupos 1 a 3 no momento da adquisición e esta descendese con posterioridade, resultarán aplicables unhas porcentaxes do 78 e 61 por 100, segundo os títulos pertencan aos grupos 4 e 5 respectivamente. No caso de activos financeiros estruturados non negociables aplicarase as porcentaxes que correspondan á cualificación crediticia da estrutura ou, no seu defecto, á cualificación crediticia media que corresponda aos colaterais e ás permutas de fluxos certos ou predeterminados realizadas con entidades financeiras. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións establecerá por resolución a sistemática e o modo de aproximar a cualificación crediticia media.»

Seis. Modifícase o artigo 17 da Orde EHA/339/2007, do 16 de febreiro, pola que se desenvolven determinados preceptos da normativa reguladora dos seguros privados, que queda redactado como segue:

«Artigo 17. *Cualificacións aplicables para a determinación do tipo de xuro máximo da provisión matemática.*

Para efectos do disposto nos artigos 2 e 3, en relación coas porcentaxes aplicables na determinación do tipo de xuro máximo da provisión matemática, establécese a seguinte clasificación:

- Grupo 1: AAA e AA.
- Grupo 2: A.
- Grupo 3: BBB.
- Grupo 4: BB.
- Grupo 5: B.
- Grupo 6: inferior ou sen cualificación.

A existencia de subdivisións realizadas polas diferentes axencias de cualificación non afectará a asignación anterior.

En caso de que o emisor ou a emisión tivesen dúas ou máis cualificacións pertencentes aos grupos mínimos exixibles, a porcentaxe aplicable será a media aritmética dos correspondentes a cada unha das cualificacións.»

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 22 de febreiro de 2012.—O ministro de Economía e Competitividade, Luis de Guindos Jurado.